

Tropas israelís no Sinaí (foto grande). Os soldados hebreos na cidade vella de Xerusalén (imaxes pequenas) durante a Guerra dos Seis Días (1967).



Recentemente, visitou Barcelona Leila Khaled, unha muller palestina de setenta e tres anos. A súa presenza na capital catalá respondía á unha invitación para participar na terceira edición de *Literat*, feira de ideas libres e radicais, que contaba co apoio do concello barcelonés. Leila Khaled fíxose famosa en 1969 cando, como militante da FPLP, secuestrou un avión que voaba de Los Ángeles a Tel Aviv na escala que fixo en Roma, para ser desviado a Damasco. O ano seguinte, e en compañía do nicaraguano Patrick Argüello, tentou secuestrar outro avión pero a seguridade israelí abortou a acción, matando a Argüello e immobilizando a guerrilleira quen, malia dispoñer de dúas granadas, se rendeu para non causar estragos aos pasaxeiros.

Esta visita á capital catalá foi contestada por diversas organizacións xudías e palestinas, as primeiras por considerala (aínda) unha terrorista e as segundas, unha aproveitada a costa da causa. Este asunto, anos despois, é unha consecuencia máis da guerra que en xuño de 1967 mantiveron Israel e unha coalición de países árabes veciños.

Egipto esixira a retirada da península do Sinaí das forzas da ONU, situadas alí desde 1957. Finalmente, o réxime de Nasser expulsounas e pechou o estreito de Tiran, saída de Israel ao Mar Vermello. Malia a concentración militar inimiga na fronteira, o estado hebreo foi o primeiro en atacar e fíxoo en todas as fronteiras, comezando pola aviación exipcia (en terra) e ocupando o Sinaí e Gaza con forzas mecanizadas. Cando Xordania respondeu ata-

cando Xerusalén, Israel desenvolveu a acción destruindo boa parte do potencial aéreo de Ammán e por terra, ocupando a Cisjordania. E igual sucedeu contra Siria: cando desde os altos do Golán a artillaría de Damasco bombardeou territorio israelí, as tropas hebreas ocuparon aquelas montañas e pasaron a vivir a capital siria. En resumo, unha estrepitosa derrota árabe en apenas unha semana e uns perdedores: novamente a poboación palestina, como en 1948.

Pero a diferenza daquel primeiro éxodo posterior á división en dous estados decretada pola ONU, esta vez os refuxiados apenas tiñan espazo para fuxir e ben axiña encetaron a resistencia, liderada pola OLP, coalición formada cos auspicios da Liga Árabe. Estes sen patria instaláronse, primeiro, en Xordania pero a súa presenza supuña unha ameaza para o rei Hussein, aliado de Washington, polo cal pasou a combatalos sen cuartel en setembro de 1970.

Daquela, moitos palestinos marcharon a campos de refuxiados do Líbano e –sen entrar a vulgar as súas actividades armadas– foron novamente atacados tanto por Israel e os seus aliados fa-



Un dos “milagres” da agricultura israelí foi regar o deserto do Neguev. En 1964 Israel puxo en marcha o Sistema Nacional de Auga para bombeala desde o Mar de Galilea. Este lago é alimentado por ríos que nacen no Golán e o goberno de Tel Aviv quixo desvialos en proveito propio, o que provocou unha primeira resposta

por parte de Siria. Pola súa banda, este país, Líbano e mais Xordania quixeron reverter algúns afluentes do río Xordán para que o país veciño non tirase tanto beneficio. Un motivo suficiente, este da loita pola auga, para provocar unha guerra.

Cando comezou esta e, malia a diferenza entre Israel e os países árabes veciños canto a tropas e número de vehículos e

avións, a vitoria hebrea nunha guerra-lóstrego tiño moitas e considerables razóns. A primeira, o mellor adestramento dos pilotos israelís, que podían facer ata catro incursións diarias fronte ás dúas dos exipcios. Boa parte do armamento de Israel era de

Da auga á tecnoloxía

procedencia francesa mentres que a dos árabes era soviética; é dicir menos adaptado ao uso de tecnoloxía informática (propia, por parte de Israel). E outro tanto poderíamos dicir da estratexia militar, moi superior a do estado xudeu. Sen esquecer que en Israel había unanimidade nacional a prol do goberno mentres que os países árabes estaban mandados por líderes autoritarios.

lanxistas maronitas como polas milicias chiítas de Amal.

Desde entón, Palestina é moeda de cambio no conflito entre Israel e os países da zona, árabes ou non. O estado hebreo non fixo senón reforzar a ocupación das zonas palestinas, o cal provocou que perdesse practicamente as simpatías que tiña entre as esquerdas europeas, que mudaron as súas preferencias cara a uns estados non democráticos. Pero os palestinos foron e son aínda unha molestia para todos, porque foron capaces de erguer unha resistencia e evidenciar que son unha sociedade moito máis tolerante (en asuntos relixiosos, no papel da muller, na ciencia) que outros países árabes.

E cando esa resistencia colleu forma armada polo desespero, foi facilmente alcumada, fronte ao suposto exercicio lexítimo do ocupante. Case cincuenta anos despois, unha muller palestina que nunca matou e en idade de ser avoa, segue a ser tratada como terrorista. Podemos discrepar dos seus métodos pero, como sempre, son os vencedores os que reparten os papeis. Pero os que mandaban naquel Israel de 1967 aínda podían negociar unha solución, como a que tentou Isaac Rabin con Egipto –paz que asinou Menahem Begin– ou con Iáser Arafat en 1993 e Hussein en 1994. Sen embargo, os extremistas que os sucederon, non.

Seis días de Israel

50 anos logo dunha guerra

JOAQUIM VENTURA